



CONCELLO DE A CORUÑA

PORTADA NORMALIZADA DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO

TIPO DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO		CODIGO DE VERIFICACIÓN SEGURA	
COPIA ELECTRÓNICA AUTÉNTICA DE DOCUMENTO PAPEL (Ley 39/2015 Art. 16.5 y 27)			
Esta portada no forma parte del documento original en papel		3M6S	4S37
		6M3F	024M
			0DBQ
METADATOS (TEXTO)			
Identificador	RMPE1A175S		
Número/Año	55935/2026		
Dependencia Captura	REGISTRO MARIA PITA		
Usuario Captura/Compulsa	ACM		
Interesado Principal	GRUPO MUNICIPAL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO		
Representante			
Descripción	Solicitud general		
Páginas	4 (excluyendo esta portada)		
Fecha Documento			
Fecha Registro	29/06/2026 12:18:18		
Fecha Captura	29/06/2026 12:19		
Valor CSV	3M6S 4S37 024M 6M3F 0DBQ		
Tipo de Firma	PADES LONG TERM		
Estado de Elaboración	Copia electrónica auténtica de documento papel (Ley 39/2015 Art.16.5 y 27)		
AVISO LEGAL		FIRMA DIGITAL (HUELLA)	
<p>Este documento electrónico ha sido generado mediante captura y compulsas electrónica por la autoridad competente, resultando una copia electrónica auténtica de documento en papel conforme los artículos 16.5 y 27 de la ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, el Esquema Nacional de Interoperabilidad y las Normas Técnicas de Interoperabilidad, siendo custodiado en el sistema de información corporativo de conformidad con el Esquema Nacional de Seguridad y teniendo la misma validez y eficacia que los documentos originales. Se puede verificar este documento en la sede electrónica del Ayuntamiento de Coruña.</p>			

O **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa da súa concelleira Avia Veira González, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta a seguinte **moción** sobre **a área de prestación do taxi**,

Exposición de motivos

O servizo de taxi constitúe un servizo público esencial de proximidade, estreitamente vinculado á realidade social, económica e territorial de cada concello. A súa organización debe responder aos principios de calidade, eficiencia, equilibrio territorial e respecto á autonomía local, garantindo tanto os dereitos da cidadanía como a viabilidade económica das persoas titulares das licenzas.

E, aínda que todas compartimos o obxectivo de conseguir unha maior cooperación entre concellos e a mellora da mobilidade metropolitana, estes fins non deben alcanzarse mediante decisións que poidan comprometer a sustentabilidade económica do sector, incrementar a competencia interna sen unha planificación adecuada ou reducir a capacidade de xestión dos concellos sobre un servizo público esencial.

A proposta da Xunta de Galicia de crear unha Área de Prestación Conxunta (APC) do taxi para a contorna da Coruña supón unha modificación substancial do modelo de prestación do servizo existente.

Esta iniciativa, que parece contar coa aparente conformidade do Goberno Local da Coruña, suscita unha fonda preocupación entre unha parte importante do sector do taxi coa que non se ten consultado nin contrastado esta proposta. Como tampouco houbo ningún tipo de diálogo con este Grupo Municipal.

A implantación dunha Área de Prestación Conxunta non pode limitarse a unha reorganización administrativa ou territorial do servizo. Trátase dunha decisión con importantes repercusións económicas, laborais e funcionais, que afecta directamente as condicións de explotación das licenzas, o equilibrio entre oferta e demanda, a planificación da mobilidade e a propia competencia dos concellos para ordenar este servizo público.

A creación dunha APC debe fundamentarse en estudos técnicos rigorosos, transparentes e actualizados que acrediten a súa necesidade, os seus beneficios reais e o impacto que terá sobre cada un dos municipios implicados.

Ademais, precísase o máximo consenso institucional e sectorial: é imprescindible escoitar as asociacións profesionais, as organizacións representativas do taxi, as persoas titulares das licenzas.

Neste contexto, existen serias dúbidas sobre a proposta tanto pola ausencia dun consenso suficiente como pola incerteza a respecto das consecuencias que pode provocar na prestación do servizo, especialmente no Concello da Coruña, onde o taxi presenta unhas características propias derivadas da súa dimensión urbana, da intensidade da demanda e da súa función dentro do sistema de transporte metropolitano.

Toda modificación do actual modelo debe sustentarse nun verdadeiro proceso de diálogo, participación e consenso, así como en informes técnicos que garantan que a creación da Área de Prestación Conxunta responde efectivamente ao interese da cidadanía e non prexudica nin o equilibrio do servizo nin os dereitos das persoas titulares das licenzas.

O Goberno de Inés Rey debería manifestar unha posición clara en defensa dos intereses da cidade, do servizo público do taxi e das persoas profesionais que o prestan.

Por desgraza, a realidade é que a Inés Rey non lle importa o sector do taxi, tal e como o comprobamos coa súa actitude de permisividade ante as ilegalidades que cometen os VTC. Ademais, chama moito a atención que, até hai uns meses, Inés Rey sostivese que na Coruña non hai suficientes taxis e que agora pretenda que os que hai presten servizos fóra da cidade, sen sequera sentar co sector para explicarlle a proposta da Área de Prestación Conxunta.

Desde o BNG, si nos sentamos co sector do taxi e dese diálogo sacamos dúas conclusións: a primeira é que non hai transparencia nin información sobre o asunto, unicamente as noticias que saen en prensa, polo tanto, non se lles informou, nin consultou nin se tivo en conta as persoas que coñecen de primeira man o servizo e que o prestan; a segunda é que a opción da área de prestación do taxi pode ser beneficiosa mesmo para as usuarias e usuarios do servizo pero

sempre segundo as condicións en que se preste e, de momento, a proposta que se coñece non responde á realidade diaria e laboral do taxi.

Acordos

Instar o Goberno Local a manter un diálogo co sector do taxi da cidade e cos grupos da Corporación Municipal para explicar e consensuar as condicións da Área de Prestación Conxunta e, se proceder, decidir a adhesión do Concello da Coruña a este sistema.

A Coruña, 29 de xuño de 2026



Avia Veira González

Portavoz do Grupo Municipal do BNG

Á ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DA CORUÑA

